

PROGRAMA BONO ENERXÍA PEME (IN417Z)

Instituto Enerxético de Galicia



CONECTA OURENSE

RESOLUCIÓN do 20 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes do sector servizos (Programa Bono enerxía Peme 2023) (código de procedemento IN417Z).

BENEFICIARIOS

Pemes e empresarios autónomos con domicilio social Galicia e incluídos nalgún dos seguintes sectores:

SECTOR SERVICIOS-SECCIÓN CNAE 2009	DIVISIÓN
SECCIÓN G: Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	45 a 47
SECCIÓN H: Transporte e almacenamento	49 a 53
SECCIÓN I: Hostalería	55 a 56
SECCIÓN J: Información e comunicacións	58 a 63
SECCIÓN K: Actividades financeiras e de seguros	64 a 66
SECCIÓN L: Actividades inmobiliarias	68
SECCIÓN M: Actividades profesionais, científicas e técnicas	69 a 75
SECCIÓN N: Actividades administrativas e servizos auxiliares	77 a 82
SECCIÓN P: Educación	85
SECCIÓN Q: Actividades sanitarias e de servizos sociais	86 a 88
SECCIÓN R: Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	90 a 93
SECCIÓN S: Outros servizos	94 a 96

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

BONO ASESORAMENTO ENERXÉTICO. As empresas que realicen estes traballos deben estar dadas de alta na *listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de diagnose/auditoría enerxética no contexto do programa Bono Enerxía Peme*.

- Diagnose enerxéticas, propostas de optimización do consumo enerxético e de mellora da contratación e facturación da enerxía avaliando o custo e aforro económico derivado.
- Auditorías enerxéticas, que ademais do contido das diagnose deben completar a parte de análise de consumos con medicións e na parte de proposta de mellora debe analizar actuacións de eficiencia enerxética, de implantación de enerxías renovables, de mellora da contratación e facturación da enerxía e implantación de sistemas de tele-xestión e automatización que permitan reducir o consumo enerxético.

BONO ENVOLVENTE: elementos de control solar (toldos ou láminas de control solar e/ou térmico). So de cor branco e/ou negro e variantes destas cores e que non incorporen publicidade.

BONO ILUMINACIÓN: renovación de equipos de iluminación interior e/ou exterior, incluídos rótulos e escaparates, por outros que utilicen tecnoloxía LED e os elementos de control asociados.

BONO INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS: mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas garantindo unha subministración con calidade e fiabilidade (renovación de transformadores, incorporación ou renovación de sistemas de alimentación ininterrompida, compensación de enerxía reactiva, instalación de filtros economizadores ou similares).

BONO EQUIPAMENTO: renovación do equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras, secadoras, pasadoras de ferro, *vending*, mobles frigoríficos, auto-servizo e calquera equipamento de consumo enerxético propio cunha cualificación enerxética B ou superior

BONO CLIMATIZACIÓN: equipamentos para reducir o consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria. Esta medida contempla exclusivamente as instalacións fixas. Os novos equipamentos deberán ser de potencia térmica nominal superior a 5 kW ou cualificación mínima enerxética B.

BONO INMÓTICA: sistemas domóticos e/ou inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto enerxético de forma máis eficiente. No caso de sistemas de telemedida intelixentes que permiten monitorizar as instalacións e detectar consumos anómalos, consideraranse elixibles se incorporan algún tipo de actuador ou automatismo.

INVERSIÓN SUBVENCIONABLES

- Costes de inversión necesarios para a consecución dunha ou das diferentes tipoloxías de mellora enerxética.
- A realización dos diagnósticos/auditorías e do proxecto, a dirección de obra, a adquisición e instalación dos equipamentos, obra civil, soportes e proteccións, tanto eléctricas como mecánicas, así como calquera outro elemento necesario para o correcto deseño e funcionamento da instalación reformada.

NON se consideran custos subvencionables: os gastos de legalización, de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man ou similares, o IVE, as operacións de mantemento e instalacións de xeración eléctrica fotovoltaica.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da subvención será do **80% do custe, cunha axuda máxima de 6.000 euros por solicitude.** A axuda asociada ao bono de asesoramento enerxético non computará aos efectos deste límite, e virá limitada polos custos elixibles máximos establecidos na seguinte táboa:

CONSUMO DO CENTRO DE TRABALLO (kWh/ano)	CUSTE ELIXIBLE MÁX. DIAGNÓSTICO	CUSTE ELIXIBLE MÁX. AUDITORÍA
Ata 5.000	500€	1.000€
De 5.000 a 25.000	1.000€	2.000€
De 25.000 a 100.000	2.000€	4.000€
Máis de 100.000	3.500€	7.500€

FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

- **Prazo** de presentación dende o día 25/01/2023 ás 9:00 horas ata o 29/06/2023.
- **Presentación** das solicitudes por medios electrónicos na páxina web do [Inega](#).
- **Documentación** a presentar:
 - Anexo I. Modelo normalizado de presentación de subvencións.
 - Anexo II. Poder de representación da persoa que presenta a solicitude, se procede.
 - Documento oficial no que conste a inscrición da empresa no seu correspondente CNAE.
 - Memoria técnica do proxecto segundo o modelo facilitado na web do Inega.
 - Ficha técnica dos equipos a instalar e etiquetado dos mesmos no que se acredite a cualificación enerxética.
 - Fotografías da instalación actual.

RESOLUCIÓN E XUSTIFICACIÓN


- **Prazo máximo de resolución:** tres meses dende a data da solicitude. As notificacións das resolucións ou actos administrativos se practicarán solo por medios electrónicos.
- **Data límite para a execución do proxecto:** o 2 de outubro do 2023

TELÉFONO DE INFORMACIÓN DO INEGA: 981 953 543 | 981 541 523

OFICINA CONECTA VALDEORRAS

 Plaza del Ayuntamiento, núm. 2
32300, O Barco de Valdeorras
Ourense


 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

OFICINA CONECTA VERÍN

 Rúa Doctor González Prada, núm. 5 Bajo
32600, Verín
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

